




UN PASEO POR CAMBADOS

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2023



Distancia: 7 km (circular)

Dificultade: baixa



Achegámonos a Cambados, á beira do mar da Arousa, onde poderemos facer un interesante percorrido urbano e paisaxístico, circular.

Situado no centro da comarca á beira da ría de Arousa. Esténdese nunha estreita faixa a ambas marxes do río Umia que fai de linde do concello nas parroquias de Oubiña e Vilariño e parte da de Castrelo. O releve é suave con pequenas elevacións e a costa abrigada con numerosos seos e areas onde se crían os bivalvos.

As principais actividades están relacionadas co mar (pesca, marisqueo e acuicultura), co agro (cultivo da vide, especialmente albariño, e horticultura) e cos servizos. A maioría das industrias están relacionadas con estes sectores.

Parte do concello está incluído no LIC “Ons-O Grove”.

Cambados conta cun casco histórico moi interesante declarado “Conxunto histórico-artístico” no 2001, numerosas igrexas, pazos e casas tradicionais.

Conta con varios museos: Museo do Viño, o Muíño de Mareas de A Seca, a casa natal de Ramón Cabanillas e o Museo Cabanillas.

A festa principal é a do Albariño, o primeiro domingo de Agosto.



Torre de San Sadurniño



Escudo do pazo de Montesacro

PERCORRIDO

Por sinalar un punto de inicio saímos desde diante do **Concello** para seguir polo **xardín da Calzada**, pasar por diante do **Parador de Turismo**, que se asenta no solar no que se atopaba o pazo de Bazán, subir pola rúa onde atopamos o **pazo de Torrado**, xardín público e espazo para as artes, para chegar á **praza de Asorey**, co monumento ao escultor diante da casa na que naceu, cara á que mira a reprodución dunha das súas pezas máis coñecidas, **A Naiciña**, e seguindo á esquerda pola **rúa Real** desembocamos na monumental **praza de Fefiñáns** enmarcada polo pazo, a **igreja de San Bieito** e casas tradicionais. Volvemos ata a praza de Asorey e seguimos dereito ata chegarmos á **igreja parroquial**, o que queda do antigo convento franciscano. Por detrás da igrexa subimos cara ás **ruínas de Santa Mariña**, os restos da antiga igrexa rodeada polo seu camposanto, unha das imaxes máis difundidas da vila e Monumento Nacional. Antes ou despois de velas non debemos esquecer subir ao outeiro que se atopa detrás, o **monte da Pastora**, un excelente miradoiro sobre a ría da que veremos, á esquerda, o **seo do Umia**, esteiro e desembocadura do río, que fai parte do LIC/ZEC Ons-O Grove e zona ZEPA na que inverte un bo número de especies de interese, e detrás del o istmo da Lanzada e máis alá a illa de Ons; no centro a illa da Toxa e a península do Grove, Sálvora e os illotes da boca da ría, e á dereita, na banda do norte, Aguiño, Ribeira, a serra do Barbanza e a Arousa, a illa que lle dá o nome á ría. Baixando do monte da Pastora volvemos ata diante do **museo do viño** e imos á esquerda, un tramo case recto de 1 km que nos leva a **San Tomé**, onde pasamos por diante do **Pazo de Montesacro**, ata que ao final da rúa imos á dereita para chegar á **torre de San Sadurniño**, restos dunha antiga torre do sistema defensivo medieval da ría, asentada nun pequeno illote un fermoso lugar para un baño se está a marea alta ou para un paseo polo extenso **areal do Serrido** no que as mariscadoras cultivan e apañan ameixas e berberechos. De volta da torre imos á esquerda pola rúa de máis á beira do mar para saír ao **peirao de San Tomé** e a dársena do porto. Pola beira do mar, seguindo o paseo marítimo, desde onde, se a hora axuda, podemos gozar de magníficos solpores, volvemos ao punto de partida ou, no remate da praia, irmos pola rúa da dereita para percorrer a antiga rúa principal, na que atoparemos as **capelas de Santa Margarida e do Hospital** e casas de diferentes épocas e estilos, que tamén remata diante do concello.



A Calzada



Igrexa de Fefiñáns



Praza e pazo de Fefiñáns



Porto de Tragove



Mariscadoras no Serrido



Muíño de marea da Seca




Monte da Pastora



Vista aérea de Cambados



Arcos das ruínas da igrexa de Santa Mariña



Cristo de Leiro na igrexa de Santa Mariña



Solpor desde o paseo marítimo